

Tema 1. A Prehistoria e a Investigación prehistórica na Península Ibérica.

Aparecen dificultades no estudio prehistórico ibérico, por non ter datos oficiais e poucos canles de comunicación, o que se solucionaríaa cunha serie de reunións anuais. Desde o punto de vista da investigación antes do século XIX temos poucos datos. No século XVIII xorde a Ilustración, e aumenta o interese polas antigüidades (Rodrigo Caro). O XIX será o período máis interesante, xa que contamos con feitos singulares, destacando **a descuberta de Altamira** en 1879 (aberto ó público en 1880). Destacan **os estudos dos irmáns Siret** ("*As orixes da metalurxia*") sobre a metalurxia no sureste español. No suroeste destaca **Da Veiga**, que escribe uns volumes titulados "*Antigüidades monumentais do Algarve*". En Galicia destaca a labor de **Manuel Murguía**, teórico de fins do século XIX, que escribe a súa primeira versión da Historia de Galicia, influído polo Romanticismo e polo Panhelenismo. En 1847 **Manuel de Assas** publica un artigo titulado "*Sobre el estado de los estudios arqueológicos en España*", onde pon de relevo o catastrófico nivel arqueolóxico español, mentres que en Francia hai un desenrolo importante. Por esa época crease unha cátedra de Arqueoloxía no Ateneo de Madrid. En 1870 a Arqueoloxía non é considerada como unha ciencia. **Amador de los Ríos** fala da arqueoloxía como a disciplina das excursións, da xente ben. Na segunda metade do século XIX aparecen tres grandes figuras: **Francisco Tubino**, que convive coa creación do MAN (Museo Arqueolóxico Nacional), dos primeiros museos provinciais. É importante porque dubida de certas cronoloxías do home primitivo; **Casiano de Prado** era un xeólogo e considérase o introductor da arqueoloxía prehistórica como disciplina; **Juan Vilanova i Piera** ven das Ciencias Naturais e como xeólogo destaca a nova visión das covas (ocupación, arte). Defende que se pode estudar desde o punto de vista da xeoloxía, da paleontoloxía, da arqueoloxía. Tamén é importante porque está ó tanto da arqueoloxía francesa (Cartailhac) e defende a **Marcelino Sanz de Sautuola**, ata conseguir que sexan recoñecidas (Cartailhac escribe "*Mea culpa dun escéptico*" tras demostrarse a autenticidade das covas). Os tres teñen un punto en común: proceden das Ciencias Naturais, pero se interesan polo aspecto arqueolóxico. Tamén destaca **Bonsor**, nas campañas do Guadalquivir sobre o mundo romano. No século XX aparece a importancia da arqueoloxía de campo.

En **Portugal** no século XIX adquiren importancia as Academias e en 1879 créase a *Academia Real das Ciencias*, presidida por xeólogos. En 1848 crease a Comisión de Traballos Xeolóxicos, e a partir dista créanse os *Seviços Geológicos de Portugal*, cunha gran tradición. En Portugal destaca **Pereira da Costa**, no xacemento de Muge e un grupo de xente vinculada á Antropoloxía física e á de campo. No cambio de século destaca **Carlos Ribeiro**, xeólogo e antropólogo, que coordina o **IX Congreso Internacional de Arqueoloxía e Antropoloxía Prehistórica**, celebrado en 1888 en Lisboa, onde aparece a discusión sobre a aparición do ser humano no Terciario.

• A evolución da Prehistoria no século XX.

♦ 1900– 1936.

Entre 1930 e 1936 (para España hasta 1936) queda claro que a prehistoria é unha ciencia e se crea a **primeira cátedra en Barcelona, en 1917**, ocupada por Pere Bosch Gimpera. En 1922 crease unha en Madrid, ocupada polo alemán Hugo Obermaier, en 1925 outra en Santiago ocupada por Luís Pericot. Hai un cambio sustancial e a prehistoria aparece perfectamente integrada na universidade. Recordemos que a primeira cátedra de España fora creada no Ateneo de Madrid, ligada a círculos literarios.

O 7 de xullo de 1911 publícase a primeira normativa básica sobre o patrimonio e créanse novos organismos, como a **Junta Superior de Excavaciones y Antigüidades** (JSEA) en 1912 e a **Comisión de Investigaciones paleontológicas y prehistóricas** (CIPP) en 1913. A partir dos anos 20 debido ó fracaso do nacionalismo español xorden os nacionalismos periféricos basados na lingua e na cultura. Así en Barcelona crease o **Servicio de Investigación Arqueológica**, dependente do Instituto de Estudios Cataláns e en Galicia o Seminario de Estudos Galegos (1923).

Xa nos anos 30, sobre todo na República, temos, en 1932, que Bosch Gimpera publica "*Paleontología de la Península Ibérica*", que é a primeira gran síntese da investigación prehistórica na Península Ibérica. 1933 é importante porque neste ano vaise actualizar a lei de 1911. A Guerra Civil vai truncar todo isto, con moita represión, sobre todo en Cataluña, onde o propio Gimpera tivo que exiliarse. En Galicia pasa o mesmo e desaparece o Seminario de Estudos Galegos. En Galicia hai que esperar ata 1994 para que aparece o IPSEG dentro do Consello de investigacións científicas.

- 1939– 1960.

Despois da guerra vendrá unha época de inmovilismo e dirixismo político. Salvo en contados casos, quenes acceden ás cátedras non son os máis aptos, senón os adeptos ó réxime.

En 1944 créase en Galicia o *Instituto Padre Sarmiento de Estudios galegos*, que contará cunha sección de Arqueoloxía e Prehistoria. Desenrolará unha importante labor, sobre todo nos anos 70 e parte dos 80. Actualmente está integrado no *Consello Superior de Investigacións Científicas* (CSIC).

En 1955 chega a Santiago Carlos Alonso del Real. No organigrama académico a Prehistoria é asignatura obrigatoria. Nos anos 50 la JSEA é substituída pola *Comisión Xeral de Excavaciones Arqueológicas*, que será a que dirixirá a arqueoloxía española. O seu directo será Martínez Santaolalla, catedrático en Madrid e home do réxime. Un aspecto positivo é que se crean unha serie de sedes provinciais dirixidas desde Madrid e unha revista, *Informes e Memorias*. Tamén creouse nos anos 50 o CSIC, cunha sección de Arqueoloxía (o *Instituto Rodrigo Caro*) e en 1958 o *Instituto Español de Prehistoria*, dirixido nos seus inicios polo director do Museo Arqueolóxico Nacional, Martín Almagro Basch. Cando en 1963 publícase los Millares, Martín Almagro segue sendo difusionista, cando en Europa esta tendencia estaba máis que superada. A finais dos anos 40, comezos dos 50, España ábrese un pouco a Europa a través de algúns congresos:

1. En 1946 inaugúranse en Cartagena os *Congresos Arqueológicos do Sureste*.
2. En 1949 inaugúranse os *Congresos Nacionais de Arqueoloxía* (CAN). En Galicia celébranse en 1953 a edición 17 en Lugo e a 22 en Vigo (1992). Na actualidade están un pouco de capa caída porque son moi misceláneos e as tendencias van máis pola especialización. O seu secretario foi Antonio Beltrán Martínez. Houbo outros, como Joan Maluquer, que desde 1959 coordina uns simposios sobre Prehistoria.
3. Destacan tamén os *Congresos de Arqueoloxía Peninsular*, que se celebran uns anos en España e outro en Portugal.

- Desde 1960 á actualidade.

A partir dos anos 60, e sobre todo dos 70, prodúcese unha gran mellora na metodoloxía no traballo de campo. O gran desenrolo da arqueoloxía e da prehistoria en España e Portugal fai que non se queden tan atrás con respecto a outros países como Francia e Reino Unido.

A demanda universitaria crece e hai unha renovación teórica fronte á arqueoloxía tradicional. Desde finais dos 70 e sobre todo nos 80, xa existen especialidades de Prehistoria e Arqueoloxía. **En Santiago tardou máis e era un curso intensivo** (só en quinto) máis que unha especialidade. Este plan deixouse e volveuse a un máis xeneralista, cunha serie de asignaturas optativas sobre estas materias.

Nos anos 70 hai un novo dinamismo nos museos e aparte das labores de depósito e exhibición das pezas realízanse actividades didácticas e de investigación. Nos anos que van desde o 76 ó 83 son o mellor momento do Instituto Padre Sarmiento, aglutinando a investigación arqueolóxica en Galicia. Ó empezar a funcionar o Estado das autonomías a situación cambiou e será, no caso de Galicia, a dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia quen organice a arqueoloxía en Galicia.

España participará en congresos e tamén en misións arqueolóxicas noutros países, como por exemplo en Próximo Oriente (Siria, Palestina, Iraq), en Exipto e en América Latina. Contará ademais con centros no exterior como a **Escuela de Arqueología de Roma** (vinculada ó CSIC). Tamén hai organismos doutros países en España, como é o caso de Francia (**Casa Velázquez** en Madrid) e Alemaña (**Instituto Arqueológico Alemán**, gran centro de investigación con excelente biblioteca).

En resumo, co cambio de réxime prodúcese unha transformación radical e tamén supuxo un importante cambio na implantación das autonomías, que deu lugar á descentralización cuí as consecuencias non son positivas en Galicia.

En 1985 viu a luz unha nova lei sobre patrimonio cultural e arqueolóxico.

- **Institucións arqueolóxicas.**

As principais institucións arqueolóxicas en España son:

I. **As Universidades**, mediante as áreas de coñecemento dos departamentos. Nas Universidade, aparte dos departamentos, poden haber institutos de investigación. En Prehistoria e Arqueoloxía aparece o **Laboratorio de Arqueoloxía**.

II. **O Centro Superior de Investigacións Científicas** (o CSIC).

III. **Os museos**, centros de investigacións. Destaca o **Museo Arqueológico Nacional**, en Madrid, coa importancia da labor de Martín Almagro. En Galicia hai museos nas 4 provincias, dependentes de organismos diversos. Dentro da investigación os demais tradición son os de Ourense e Pontevedra e en menor medida o de Lugo. O de A Coruña é fundamentalmente arqueolóxico. Tamén hai museos locais, como o do castro de Viladonga, en Lugo.

IV. Aparece tamén **a investigación en centros como o Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturais**, cun departamento de Arqueoloxía. Logo están as administracións autonómicas, cun arqueólogo por provincia. A Xunta ten as súas propias institucións: a Arqueoloxía está dentro da Consellería de Cultura, por debaixo está a Dirección Xeral do Patrimonio, por debaixo a subdirección Xeral de Patrimonio e máis debaixo o Depósito de Arquivos. Dentro de CSIC hai dous departamentos: o de Arqueoloxía e o de Arquitectura.

- **A investigación na Universidade.**

Dentro do profesorado hai unha dobre ocupación: **a docencia e a investigación**, ca importancia concedida ó segundo. Os estudos de Arqueoloxía poden atoparse en 20 universidades españolas. Aparecen revistas de divulgación, como *"Trabajos de Prehistoria"*, *"Gallaecia"*, para analizar a situación a Arqueoloxía. Temos varios problemas, destacando **a falta de datos estatísticos sobre o número de escavacións realizadas na Península Ibérica**. As revistas poden servir de axuda para a reconstrución da situación arqueolóxica. En Galicia desde 1989 non se publican datos sobre escavacións. No campo da prospección non se emprega unha metodoloxía moderna (fotografía aérea, probas petroquímicas) unido á falta de perspectivas globais. Hai diferencias de metodoloxía entre as Comunidades, con carencias na interdisciplinaridade (atraso en Arqueobotánica, Arqueometría). A falta de contacto entre Autonomías, a importancia da Arqueoloxía aplicada e a tardanza nas editoriais prexudican á investigación. Os contactos internacionais tamén son escasos, ó igual que a falta de un mecanismo coordinador a nivel ibérico.

Tema 2. O Marco Paleoambiental: Cuaternario.

O Cuaternario é unha era xeolóxica, posterior á Terciaria e na que aparecen os primeiros seres

humanos. Tamén se lle denominou **era antropozoica.** O Cuaternario é o marco natural no que se desenvolven actividades dos seres humanos desde o punto de vista da xeoloxía. **O cuaternario comeza fai 2 millóns de anos** (1'8 millóns de anos, segundo o xacemento de Olduvai). O cuaternario **dividímolo en Pleistoceno**, que abarca todo o Paleolítico e o **Holoceno.** **O Pleistoceno abarca desde os 1'8 millóns de anos ata fai 11.800 anos B.P.** (9.800 a.C.), coñecido pola oscilación climática de Allerod. Despois comeza o Holoceno ou postglaciar. **Entre o Pleistoceno e o Holoceno intercálase o Tardoglaciar** (9.800– 8.200). No Pleistoceno destaca en Europa o glaciarismo (a diferenza de África, América), con catro períodos glaciares:

1. Günz. 2. Mindel 3. Riss. 4. Würm.

Entre as grandes glaciacións hai períodos interglaciares cíclicos, con subidas de temperaturas.

Para o Holoceno tamén hai uns subperíodos:

1. **Preboreal** (8.200– 7.000/ 6.800 a.C.) co Epipaleolítico (Industria Aziliense).
2. **Boreal** (7.000/ 6.800– 5.500 a.C.), no que se inclúe unha parte do Epipaleolítico.
3. **Atlántico** (5.500– 2.500 a.C.) co Neolítico, Megalitismo e Calcolítico.
4. **Sub- Boreal** (2.500– 700) incluíndo a Idade dos Metais.
5. **Sub- Atlántico** (700– 2003).

• O Cuaternario na Península Ibérica.

Na **Época Glaciar** hai unha gran variedade de realidades xeotectónicas, ca importancia do Macizo Ibérico, xunto con cinturóns alpinos. Hai datos sobre a importancia de actividade volcánica. Na Península Ibérica o glaciarismo foi un feito reducido (altas cotas), pero foron importantes os procesos de transgresión mariña e a súa actividade nas costas. A finais do Würm as temperaturas no Cantábrico estaban 10° C por debaixo das actuais. No Mediterráneo as temperaturas serían as actuais do Cantábrico. En Lisboa a liña de costa estaba 200– 300 metros mar adentro.

Na **Época Postglaciar** hai un proceso de subida do nivel do mar: en torno ó 8.000 o nivel do mar no Atlántico estaba 60 metros por debaixo do nivel actual; no 6.500 estaba 33 metros; entre o 6.500 e o 5.700 estaba 20 metros por debaixo do nivel actual e no 5.500 en torno a 7 metros. No Mediterráneo teñen calculado que a partir do 8.000 a.C. asístese a unha media de suba de 5/10 metros cada milenio. No Pleistoceno a fauna e a flora é propia dun clima entre frío e templado. No Paleolítico Superior hai cervos, cabalos, touros, lebras, coellos, cabras, anque tamén renos e mamuts. Temos evidencias de animais propios de medios lacustres, como elefantes, hipopótamos, rinocerontes. En canto á **vexetación é de tipo mediterráneo**, con clima continental no interior (bosques caducifolios, perennes, zona de landas, coníferas, praderías). A vexetación coñécese polas análises de pole ou antracolóxicas. Hai numerosos humedais, como o de Guadix– Baza, Torralba e Ambrona, as Gándaras de Duriño. Outro tema é o dos fenómenos kársticos, coa aparición de covas.

Tema 3. Os primeiros poboadores da Península Ibérica: o Paleolítico Inferior.

A primeira vez que aparece a palabra *paleolítico* en España é en 1875, cos grandes prehistoriadores ibéricos (Casiano, Vilanova i Piera, Sautuola). En 1893 aparece por primeira vez o termo *solutrense*, da man de Luís Siret. En **1910** comezan as **escavacións de El Castillo** (cos restos que van dende o achelense ó aziliense) e a labor de prehistoriadores franceses como Cartailhac, Breuil. Ente **1910 e 1936** hai actuacións importantes, con numerosas escavacións e publicacións. En **1915** aparece *"El arte rupestre en España"* de Juan Cabré, e en **1916** aparece *"El hombre fósil"*, de Obermaier. En **1929** iníciáanse as escavacións en Parpalló, da man de

Pericot. Nos **anos 50** destaca o *IV Congreso Internacional de Ciencias Prehistóricas e protohistóricas* (1954). En 1956 escávase na cova de El Pendo, coas primeiras datacións de Carbono 14 e análises polínicos. Nos **anos 60** créanse diversos organismos, sendo habituais investigadores estranxeiros como Howell en Torralba e Ambrona, Butzer, Freeman en Cova Morín. Nos **anos 80** créase o *Museo de Investigaciones de Altamira*. **Na actualidade** os estudos gozan de boa saúde. **O debate actual céntrase nas orixes do poboamento e na aparición dos primeiros humanos na Península Ibérica.** Aparecen dúas grandes escolas, como son a do **Grupo de Orce**, con Josep Gibert e o **Grupo de Atapuerca**, iniciado por Aguirre e continuado por Arsuaga, Gómez de Castro e Carbonell. Manteñen puntos de vista antagónicos no tocante á chegada dos primeiros seres humanos (chegada por Xibraltar ou polo continente). Unha **terceira postura** non nega ningunha das dúas anteriores, defendendo unha entrada desde Túnez, cara Sicilia e pasando a Italia. Os de **Atapuerca** falan de entrada polo continente, desde o Próximo Oriente, pasando por Georgia e iniciando unha colonización en Occidente. Este paso é fácil xa que hai vías de paso entre as cadeas montañosas europeas. A **segunda posibilidade** di que o grupo chega á zona de Túnez, pasando a Sicilia e a Italia, e de aí á Península Ibérica. Hai un dato arqueolóxico que apoia esta teoría, a existencia de fendedores no suroeste, na Meseta, no Cantábrico, en Sicilia e no Norte de África (teoría de Freeman e Echegaray). A **terceira hipótese** di que a entrada faise polo Norte de África, pasando á Península Ibérica desde Xibraltar xa no Achelense. Hai problemas xa que non temos datos suficientes. Outro problema é o estreito, dificultoso e con fortes mareas e ventos (15 km. de recorrido). Hai que ter en conta os procesos de retroceso do mar, aparecendo pequenas illas que facilitan o pase. En Orce hai industrias moi similares ás africanas (Barranco del Paso similar a Olduvai).

• Tipos humanos na Península Ibérica.

O Paleolítico Inferior sitúase no Pleistoceno Inferior (Grupo de Orce) e Medio (Grupo de Atapuerca), é dicir, na glaciación Günz No **Pleistoceno Inferior** (1.200.000– 700.000 anos) úsanse as **escavacións en Orce**, incluíndo Venta Micena, Barranco León, Barranco del Paso e Fuentenueva. En Venta Micena apareceu o VMO (1982), un parietal humano, anque posteriormente aparece unha cresta equina. Neste complexo de Guadix– Baza (Fuentenueva III) aparecen novas especies, como o antílope africano. O xacemento ten unha datación que vai dos 950 ós 900 mil anos de antigüidade. Outro xacemento sería Cova Victoria (en Murcia) de 1 millón de anos, onde aparecen trozos de falanxe, un úmero e un fémur.

No **Pleistoceno Medio** (700.000– 125.000 anos) destacan as **escavacións de Atapuerca**, anque tamén *Tossal da Font* (Castellón), con restos de preneandertais, e *Cabeza Gordo*, con fragmentos óseos de 3 individuos. **Atapuerca é unha serra nunha zona de paso entre o val do Ebro e a meseta, a uns 15 kilómetros ó leste de Burgos.** Coñécese desde principios de século, xa que se intentou construír unha vía férrea, aparecendo numerosos estratos. Desde o punto de vista humano destacan a **Sima de los Huesos**, na zona de Gruta Mayor, e **Trinchera Dolina**. A Sima de los Huesos é importante xa que se atoparon asociados tipos humanos con fauna. Temos restos duns 30 individuos (4.000 fragmentos) e datacións radiométricas, situando o xacemento en torno ós **400.000– 300.000 anos**, é dicir, relacionado co *homo sapiens arcaico*, que se corresponde co *homo heilderbenguensis* europeo. O segundo gran centro, a Gran Dolina debe estar ocupada desde uns **800.000– 700.000 anos** cun nivel interesante (TD6), xa que se atoparon máis de 100 ósos de 6 individuos. Os ósos do TD6 tiñan unhas trazas que nos indican **evidencias de canibalismo**, pero non se sabe se é unha antropofaxia por necesidade ou ritual. Desde hai moitos anos é fácil estudar as huellas dos ósos, pola existencia da trazoloxía. Estes 6 individuos mostran rasgos estraños, polo que non sería un *homo erectus* nin un *neandertal*. Sería unha nova especie, chamada **homo antecessor**, anque hai antropólogos que non o comparten.

• Rasgos materiais no Paleolítico Inferior.

Hai bastante información e segundo a distribución dos xacementos aparecen diversos biótopos, en covas e ó aire libre (depósitos fluviais, vías de pase, vales, zonas de sílex ou cuarcita). Na Península Ibérica hai grandes diferencias entre territorios:

I. **No Cantábrico** hai xacementos en cova, con datas de principios do século XX. Destacan varios xacementos, estudos, sínteses, anque temos a cantidade de estratigrafía necesaria. En Asturias destaca **Bañugues**, xacemento en cova, ocupado no Riss e con industrias achelenses. Na Cantabria central destacan os arredores de Altamira e tamén a cova de **El Castillo**, en Puentevesgo, Santander. Coñécese desde principios de século (1903) e a partir de 1910 comézase a escavar, da man de **Hugo Obermaier**. É tan importante que a estudian grandes prehistoriadores como Breuil. En 1962 retoma as escavacións Leslie Freeman e nos anos 80 Victoria Cabrera reescala El Castillo. É importante porque hai **18 metros de sedimento**, que van do Paleolítico Inferior ó Mesolítico e á Idade de Bronce. O nivel achelense é o nivel 24, con industrias en sílex e faunas frías.

II. **Na Meseta** hai escavacións ó aire libre, localizadas nas correntes dos ríos. Destacan Áridos, Pinedo, San Isidro, as terrazas do Manzanares. **Pinedo** esta preto de Toledo, a carón do Tajo, con industrias preachelenses e achelenses. **San Isidro** está ó lado do Manzanares, descuberto por Casiano del Prado en 1864. Ó lado do Jarama está **Arganda**, importante pola ocupación achelense, e pola existencia de Arganda I, con áreas de aprovisionamento. En **Áridos**, no Jarama, hai dous *locus*, o I, con industrias achelenses, con elefantes e hipopótamos e II. Tamén destaca **Maya**, no Tormes. Entre o val do Ebro e a Meseta destacan Atapuerca e **Torralba e Ambrona**, en Soria. En Atapuerca comeza a traballar Emiliano Aguirre en 1978. Na Sima de los Huesos non hai industrias líticas, si na Gran Dolina, anque fai uns anos apareceu un bifaz en cuarcita vermella, duns 400.000 anos. Os investigadores de Atapuerca considéranos un elemento simbólico e ritual (chamado *excálibur*). Torralba e Ambrona, xacemento preto de Medinaceli, está situado no espolón final da Serra Ministra. Hai datos de 1907, co Marqués de Cerralba, e en 1961 un americano, **Howell** e escavar. É unha zona chea de barro, onde se localizan grandes cantidades de material lítico e fauna (elefantes, herbívoros e rinocerontes). Howell interpreta o lugar como un cazadeiro xa que estes homes empurraban ós elefantes e os levaban a esta zona de auga onde os mataban.

III. **Levante e Andalucía**, onde destaca o xacemento de Orce, na depresión do Guadiana. Tamén destaca El Aculadero, en Cádiz, preto do estreito de Xibraltar, con industrias anteriores ó achelense.

IV. **Portugal e a zona atlántica**, considerado continuación dos xacementos da Península. No norte de Portugal destaca a labor de Meireles.

V. En **Galicia** non hai un proxecto de investigación serio nin escolas paleontolóxicas nin grandes xacementos. Os estudos centráronse **nas zonas do Miño** e no xacemento de **Gándaras de Budiño**, en Porriño, coñecido desde os anos 60. En 1963 van a escavar Emiliano Aguirre e nos anos 80 Julio Vidal. Outro problema é que aparecen dúas datas: **o 26.000 e o 18.000 a.C.**, 100.000 anos despois de cando acontece no resto da Península.

Tema 4. A expansión dos grupos musterienses: o Paleolítico Medio.

O Paleolítico Medio sitúase entre os **120.000 e os 40.000 anos**, no **Pleistoceno Superior**, na glaciación do Würm I e II, relacionado coa **cultura musteriense**.

• Tipos humanos na Península Ibérica.

En 1993 aparece un importante traballo de María Dolores Garralda que trata sobre o Paleolítico Medio.

O home predominante é o **home de neandertal**, fronte ó **home erectus** do Paleolítico Inferior e o **home de Cromagnon** do Paleolítico Superior. Temos datos xa no século XIX, en 1848 descóbrese un resto de neandertal en **Xibraltar** (na Canteira de Forbes). En 1864, en **Gemista** aparecen máis restos, ó igual que na Torre do Diaños. En 1887 en Banyoles atopouse unha mandíbula dunha muller duns 50 anos. Hai un debate sobre se é un neandertal arcaico ou un neandertal. En **Levante** hai máis xacementos, destacando Cova Negra, cun parietal de neandertal, ó igual que en Abrigo Agudo, Boquete de Zafarracha, La Ermita. En canto á arqueoloxía destaca o estudio da estratigrafía. A zona máis estudiada é o **Cantábrico** (La Flecha, Cova Morín,

Castillo, El Péndulo). **El Castillo**, nos niveis 20– 22 ten ocupación musteriense, ó igual en **Cova Morín** nos niveis 17– 11. Aparecen fendedores, que levan a autores a falar dunha identidade propia (cultura Vasconiense). O máis importante **no Cantábrico** son as industrias musterienses típicas e o musteriense denticulado. No centro da Península Ibérica destaca o xacemento de **Maya**, no Tormes, xa no Paleolítico Inferior. Tamén destaca a **Cueva de la Ermita**, en Burgos. En Levante aparecen 20 xacementos, con ocupación musteriense, como Cova Negra, en Valencia. Hai tamén xacementos en covas de **Portugal** (*Cova Maior, Portal da Velha*). En **Galicia** non hai datos sobre o Paleolítico Medio, destacando o xacemento de A Piteira, en Toén (Ourense), parcialmente escavado por Rodríguez Gracia en 1974.

De **Cova Morín** falou Hugo Obermaier en 1910, e nos anos 60 Echegaray e Freeman dirixen as escavacións. Ten unha interesante estratigrafía, sobre todo no **nivel 17**, dividido en superior e inferior. No **inferior** aparecen denticulados, uns poucos raspadores e ningún bifaz. No **superior** hai industria lítica, fendedores e unha construción. Hai moitos datos para o pequeno espazo que hai (100 m²). O nivel 22 era do Paleolítico Inferior, que coincide cunha época de intenso frío, polo que se abandona a zona, ocupada de novo no nivel 17, con moitos datos sobre fauna. **No nivel 17 superior a paisaxe é de típico de praderías e herbáceas, con grandes herbívoros** (rinocerontes, touro, cabalo) e tamén bosques de coníferas, onde vivían corzos, cervos, xabarís. No alto da montaña debía haber cabras pirenaicas. Cando chegan os neandertais a cova estaba ocupada por hienas, exterminadas polos novos ocupadores e instalándose nas zonas de máis luz. Crese que eran **cazadores oportunistas**, porque cazaban bóvidos, cabalos, é dicir, animais fáciles de cazar. Cova Morín está preto do mar, pero os habitantes vivían de costas ó mar. Tras varios estudos conclúíuse que **non era un lugar de habitación**, aparecendo ósos, industrias líticas nunha capa de espesor reducido (5– 20 cm.). Por debaixo hai terra de cor ocre, rica en fosfatos, con elementos óseas, cárnicos, de graxa. Esta área está pechada por 27 bloques que cerran o recinto. Nese interior non hai restos de lume, polo que non é un fogar, xa que tampouco hai restos de cabanas. Por outro lado hai un conxunto de 500 ósos con sinais de uso (mediante as técnicas de microdesgaste de Seménor) nos que aparecen restos orgánicos de traballo sobre peles de animais. Os útiles líticos tiñan outras estrías, polo que os arqueólogos cren que **é un taller**, polos útiles atopados e pola terra en descomposición que aparece, xunto con restos de orina. Alí poderán traballar entre 5 e 8 individuos simultaneamente. Non se sabe onde está o campamento central, pero ten que estar nun radio duns 10– 15 km. A cova era **usada na primavera e no verán**, con numerosos datos sobre a especialización no traballo.

Na industria lítica do home de neandertal destaca a **técnica de Levallois**, gran avance tecnolóxico, xa que se consegue facer **o mesmo tipo de puntas de frecha** (1ª industrialización da historia).

Tema 5. Os cazadores– recolectores do Paleolítico Superior.

Hai cambios en relación coa ocupación no Paleolítico Inferior e no Paleolítico Medio, situándose os principais xacementos na periferia, con menor importancia do interior peninsular. As dúas grandes zonas serán o litoral cantábrico e o Mediterráneo.

• Tipos humanos na Península Ibérica.

Aparece o *homo sapiens sapiens*, con dúas grandes clases, o *home de Combe– Cápelle* e o de *Cromañón*, que provén de África por vía continental. Os restos humanos aparecen no **Cantábrico**, coas covas de *La Paloma, Rascaño, Bustillo, El Castillo* e *Cova Morín*, onde hai varias sepulturas, pero sen restos humanos e con estruturas evidentes, que separan a parte de atrás da cova da de adiante. Para o **Mediterráneo** destaca **Parpalló**, cun nivel do 22.000 a.C. En **Portugal** destaca un conxunto de grutas na Estremadura portuguesa, mentres que en **Galicia** non hai restos humanos.

• Rasgos materiais no Paleolítico Superior.

O Paleolítico Superior do Cantábrico enténdese **pola vía de penetración de Aquitania**, mentres que para o Mediterráneo destaca a **vía do Ródano**. Hai similitudes nas industrias, anque tamén diferencias, sobre todo na

fauna (reno cantábrico contra cervo mediterráneo), na tecnoloxía (influenciada polo tipo de animal). En canto á cronoloxía, é similar á francesa, iniciándose o Paleolítico Superior na Península Ibérica na glaciación do **Würm IIIa**, con tres grandes complexos: auriñacense, solutrense e magdalenense.

No Paleolítico Superior Inicial aparece o **Auriñacense** (32.000– 28.000 B.P.), dividido en arcaico, típico, perigordense, diferenciados entre eles polas actividades tecnolóxicas. No Mediterráneo hai tres grandes fases, rematando co Gravetense, relacionado co solutrense. Destacan os xacementos de *Reclau Vivvert*, *Abric Romani*, *Mollet* e **Los Maellertes**, con ocupacións tamén mesolíticas.

O **Solutrense** é un período destacado, que comeza fai 21. 750 anos B.P. segundo o xacemento de Los Maellertes. Dentro do Solutrense mediterráneo (ou ibérico), en torno ó 18.000– 16.000 a.C. Hai ocupación solutrense en **Parpalló**, interesante pola arte, e por unhas industrias líticas magníficas, con puntas de pedúnculo e aletas, follas de loureiro e puntas de muesca.

O **Magdalenense** correspóndese co Paleolítico Superior final, con diferencias no Cantábrico e no Mediterráneo, como a industria ósea. No Cantábrico o magdalenense iníciase en torno ó 17.000– 13.000 B.P. No Magdalenense superior (do 13.000 ó 10.000 B.P.) destaca o arpón en oso. No Mediterráneo tamén destaca Parpalló.

En **Portugal** hai datos sobre o Paleolítico Superior, similar ó Cantábrico e ó Mediterráneo, sen chatelperronense, pero si cunha importante industria solutrense, da mans dos estudos de Zilhao, na gruta do **Caldéirao**, na Estremadura portuguesa, cunha boa secuencia que vai do 20.000 ó 16.000 a.C.

En **Galicia** hai máis coñecemento sobre o Paleolítico Superior, con investigacións recentes. Breuil e Zbyszewsky escribiron estudos sobre o solutrense, no que dicían que non existía en Galicia este período. Destacan escavacións na cova de **A Valiña** (Castroverde) en 1987, con Cesar Llana, Rosa Billar, e **Cova Eirós** (Triacastela). Destaca tamén un grupo de estudio en Vilalba desde os anos 70, destacando Fervedas II, coa aparición dun colgante magdalenense. Prospectaron na Terra Cha (con Pena Grande) e no Xistral (con Arnela, Xestido).

Tema 6. A Arte Paleolítica.

O concepto de *arte* provoca problemas de definición. **A arte é unha manifestación privilexiada dos hábitos figurativos dunha sociedade.** É interesante como instrumento de traballo, anque hai dificultades, como a perda do contexto. Tamén hai problemas co momento en que xurdiu a arte, que só aparecerá cun pensamento reflexivo do *homo sapiens sapiens*. Cos neandertais existían protoformas artísticas, co culto ó oso, co uso do ocre. A arte pode verse como ferramenta, legado, goce interpretativo, ou como un documento a conservar. Aparece a teoría da arte pola arte, pintada no tempo libre, e tamén a que di que a arte vincúlase á maxia homeopática. Hai unha idea fundamental, que arranca con Breuil e Leroi– Gourham, considerando que a cova é un santuario sagrado. Hai un problema, as gravuras ó aire libre. **Cronoloxicamente o período da arte paleolítica iría do 30.000 ó 9.0000 a.C., do Auriñacense ó Magdalenense.** Tamén existen unhas técnicas, aparecendo pinturas parietais, arte moble e gravuras. Na pintura dominan dúas cores, o vermello e o negro, co uso de pinceis, con cerdas de pluma, peles, con sustancias aglutinantes (sangre, graxa, resina), e incluso lámpadas para poder pintar na escuridade das covas. Destaca o concepto do realismo, unido ó naturalismo, fronte a arte esquemática neolítica, anque hai signos descoñecidos. En arqueoloxía trátase de secuenciar, por iso falamos de diversos momentos:

I. **Período Primitivo**, que se corresponde co Auriñaciense– Perigordense.

II. **Período Arcaico**, no Solutrense.

III. **Período Clásico**, no Magdalenense Inferior.

IV. *Período Tardío*, no Magdalenense Final

• A arte na Península Ibérica.

A arte paleolítica non se circunscribe ó Cantábrico, xa que aparecen outros dos grandes grupos: un entre as cuncas do Duero e do Tajo e a zona levantina, con Cataluña e Andalucía, con Cueva Ambrosio, en Almería, Cueva de Nerja. Outra novidade é a existencia de arte ó aire libre, destacando Sierra Verde, Domingo García e Foz Côa.

I. **Cova de Altamira**, como modelo de arte rupestre cantábrica. Na historia da investigación prehistórica hai un antes e un despois trala descuberta de Altamira, cunha gran calidade estética (chamada a *Capilla Sixtina do Cuaternario*). A súa descuberta fai saltar polos aires os estudos prehistóricos existentes, con ese misterio que rodeou a súa azarosa descuberta, protagonizada por **Marcelino Sanz de Sautuola** en 1879, anque non se recoñecería a súa autenticidade ata 1904, tralo artigo de Cartailhac ("*Mea culpa dun escéptico*"). A cova está situada a 4 km. da costa, nun outeiro e preto de **Santillana del Mar**. A cova está practicamente cuberta por pinturas (desde a entrada ata o final). Hai pinturas en brocha, gravuras, perfilados, antropomorfos, anque destacan sobre todo os animais e os signos. A zona máis importante da cova é o **Gran Teito da Sala de Polícromos**, con 27 bisontes, 1 cervo, 4 cervas, 2 cabalos e 1 xabaril. Destaca o uso dos cores **negro e vermello**, unido ó uso do relevo da cova, dándolle volume ás formas. A primeira vista parece desordenada a disposición das pinturas, pero son interesantes as **formas variadas dos bisontes** (quietos, correndo ó paso, polo chan, berrando). Crese que representa un acto de apareamento, para aumentar a fertilidade. Cronoloxicamente ocúpase desde o Solutrense, no **16. 500 a.C.** O Gran Teito sitúase no Magdalenense Inferior, no **12.500 a.C.**, polas datacións de C14. Os artistas de Altamira eran capaces de pintar de memoria os animais que aparecen na cova.

II. **Cova de Parpalló**, como modelo de arte moble levantina. Recentemente fixo unha tese sobre ela a profesora María Soledad Corchón. Parpalló está en Gandía, na **provincia de Valencia**. As escavacións comezan en 1929 da man de Luís Pericot. Fai uns anos **Villaverde** fixo unha monografía sobre Parpalló. Temos datos arqueolóxicos, boas fotos e 5.000 placas coa característica de estar decoradas, mediante pintura ou gravado. Arqueolóxicamente dátase entre o 20.000 e o 12.000 a.C., do Solutrense ó Magdalenense Superior. As placas correspóndense co Solutrense Inferior e co Magdalenense. O soporte son placas de pedra, fácil de gravar. Hai tres temas fundamentais: zoomorfos ou animais, antropomorfos e signos. Entre os **animais** destacan as cabras, os cabalos, os cervos e os touros. Dentro dos gravados hai trazos simples e composicións complexas, con liñas paralelas para dar volume. En pintura destaca o cor vermello. Poden estar asociados gravado e pintura. Os **antropomorfos** son máis escasos, só hai 8. Dentro dos **signos** hai simples trazos, figuras xeométricas máis complexas, arboriformes, que aparecerán no lineal- xeométrico epipaleolítico. Non existe uniformidade en toda a cova. Foi un gran centro de produción ó servizo dunha ideoloxía relixiosa, considerándoo un santuario.

III. **Foz Côa**, como modelo de gravados ó aire libre. Está situada no **norte de Portugal**, preto do río Côa, afluente do Douro. Deuse a coñecer cunha gran polémica, xa que nese lugar íase a construír unha central hidroeléctrica, ata que en 1995 descubríronse os gravados. Finalmente, e tras moitas conferencias e denuncias, as obras da central paráronse. En 1998 foi declarado Patrimonio da Humanidade. Non é un xacemento único nesa zona do norte de Portugal, xa que na zona de Mazouco hai outro xacemento, ó igual que en Siega Verde. Está **formada por gravados**, que puideron ter pintura, pero que desaparecería. As gravuras teñen o mesmo rigor plástico cas anteriores, relacionado coa temática habitual, con numerosos zoomorfos. Martiño Batista di que *é unha gramática figurativa obsesivamente zoomorfa*, con animais superpoñéndose entre si. Dentro desa gramática zoomorfa temos cabras, cabalos, bóvidos e cervos, machos e femias. Desde o punto de vista estilístico relaciónase cas gravuras e ca arte moble de Parpalló. **Cronoloxicamente sitúanse desde o Solutrense ó Magdalenense superior/ final, é dicir, entre o 20.000 e o 10.000 a.C.** e tamén de época posterior, como o Epipaleolítico, a Idade de Ferro. O feito da súa existencia indica que debeu ser un santuario, no sentido de cova parietal.

O termo máis frecuente para a Península Ibérica é o de Epipaleolítico (despois do Paleolítico), mentres que Mesolítico designa a grupos humanos que dan o paso ó seguinte período. Tamén falamos dun **período posglacial**, superándose as 4 grandes glaciacións, unido ó **inicio do Holoceno** preboreal e inicios do boreal, **no 8.200 a.C.** É un momento de transición do Paleolítico ó Neolítico, unido a un fenómeno de deglaciación, aparecendo a transgresión mariña, xunto cun aumento de temperaturas. **Este cambio climático xera un reaxuste, que inciden en diversos aspectos:** cambios na paisaxe, na fauna, extinción de grupos animais, adaptación de uns e a emigración doutros. A especie humana resposta ca emigración de cazadores especializados, a adaptación á nova situación e a innovación, no Oriente Próximo. **Na Península Ibérica aparece un proceso de adaptación á nova situación, explotando máis medios de caza** (pesca, marisqueo). O cambio climático transforma o bosque, onde predominan cervos e porcos bravos. Aparece unha **innovación tecnolóxica**, xurdindo **o arco e a frecha** en todo o mundo. O instrumental lítico aumenta, coa aparición de micrólitos, e a industria ósea diminúe, aparecendo tamén arpóns e picos para a pesca. Na boca das grandes covas aparecen grandes concheiros, o que denota a importancia do marisqueo. Tamén temos datos sobre a **aparición de embarcacións**, no sur do Loira. Na arte hai **pouca preocupación artística**, que se reflexa no decorado dos instrumentos, especialmente os arpóns, os bastóns, aunque pouco traballados. Aparecen tamén as sepulturas, ó aire libre, en concheiros (especialmente na zona do centro de Portugal).

• O Epipaleolítico na Península Ibérica.

Na Europa occidental temos tres grandes complexos, que teñen unha incidencia importante na Península Ibérica:

a) **O Azilense**, ca importancia do arpón plano. b) **O Sauveterrense**, co micrólito triangular. c) **O Tardonisense**, co micrólito xeométrico.

Facendo un recorrido xeográfico pola Península atopamos influencia destes complexos en zonas como o Cantábrico, o Levante, o interior e a zona Atlántica.

I. No **Cantábrico** hai dous grandes complexos culturais: o aziliense cantábrico e o asturiense. O **Azilense** sitúase nese momento de novas condicións ecolóxicas, aparecendo unha simplificación tecnolóxica, con arpóns prácticos e funcionais, unido á desaparición da arte. A partir do Epipaleolítico falamos de **útiles compostos**, usados para segar herba. Aparecen similares hábitats e uso do espazo cos dos grandes cazadores paleolíticos, predominando a caza do cervo, do corzo e do xabarín, usando o arco e a frecha. Temos un mínimo de **50 xacementos** no cantábrico, destacando *Cueto de la Mina, La Riera, El Castillo, Cueva Morín, Santimamiño, Arenaza, Cueva de los Azules*. O aziliense sitúase entre o **8.500 e o 7.000 a.C.** Desde o punto de vista artístico aparecen cantos con pintura. O **Astureense** coñecemos a través de máis de 30 xacementos, que serán os mesmos cos azilienses, exceptuando o xacemento de *Mazaculos*. Desde o punto de vista tecnolóxico a peza característica é o **pico**, especie de *chopper*., cun retoque unifacial, moi útil para o marisqueo. A aparición dos picos levou a erros, pensándose que eran do Paleolítico Inferior, do languedociense francés, ou da Idade do Bronce. Aparece tamén unha industria ósea, con **anzós**, xunto ca aparición de concheiros, indicándonos a especie pescada. Tamén aparecen peixes de costa, cos otólitos, de crecemento anual. O Astureense sitúase entre o **8.000 e o 5.000 a.C.** Nos concheiros aparecen restos de ungulados e de pesca, e tamén permiten entender o que pasa despois, a chegada da cerámica e a chegada do neolítico. Nos Pirineos, no val de Andorra, destaca o xacemento de *Balma Margineda*.

II. Sobre o **Mediterráneo** escribiu a súa tese Javier Fortea. Temos dous grandes complexos culturais: o **Microlaminar**, con dúas facies, a de *Saint Gregori* e a dos *Maelletes*; e o **Xeométrico**, con formas trapezoidais como elementos destacados e dúas facies, a de *Filador* e a de *Cocina*. O epipaleolítico é similar ó Cantábrico, entendido como un proceso de continuidade tralo Magdalenense final. Desde o punto de vista cronolóxico o **Microlaminar** sitúase entre o **9.500 e o 6.500 a.C.** O **Xeométrico** sitúase nun epipaleolítico

pleno e recente, **en torno ó 6.000 a.C.**

III. A zona **Atlántica** inclúe Portugal e Galicia. En **Portugal** destaca a rexión do centro, nun área do final do río Tajo, a localidade de *Muge*, ó norte de Lisboa e *Sado*, ó sur de Lisboa. En ambos hai grandes concheiros ou *cabeço*, que nos dan información sobre dieta, pesca, caza. Nalgúns deles aparecen construcións por riba dos concheiros, e incluso úsanse como enterramentos. No norte de Portugal aparece unha *cultura ancorêse*. En **Galicia**, a partir dos anos 70 comezouse unha labor de prospección na Terra Cha e na Serra do Xistral, aparecendo os xacementos de *Arnela*, *Xestido* e *Prado do Inferno*, en torno ó 6.500 a.C. Hai outro xacemento ó sur da Terra Cha, *Pena Xiboi*, cun horizonte azilense. Tamén temos o xacemento de *O Reirol*, en Arteixo, duna escavada por Xosé Ramil, no que non aparecían restos de cunchas. Este xacemento desapareceu polo proceso de extracción de area. Unha datación de C14 sitúao no 4.640 a.C., pensándose que é un mesolítico final, pese a aparición de cerámica neolítica e pole de cereal. No *Campodanquiense* aparecen macroindustrias de picos unificiais, similares a *choppers*, créndose que eran do Paleolítico Inferior, ata que se relacionan co asturense. Non teñen porque ser todos epipaleolíticos, xa que estas industrias poden ser da Idade do Bronce, de complexos celtas. Tamén podería haber un horizonte actual, similar ós picos dos mariñeiros actuais.

Tema 8. O Neolítico e as primeiras sociedades rurais da Península Ibérica.

Abandóase o mundo dos cazadores– recolectores e inaugúrase unha época onde priman os agricultores e os pastores. Climaticamente estamos nun momento óptimo. Neolítico significa *nova pedra*, termo aparecido en 1865, anque o principal será o novo cambio económico. Non se fala se revolución neolítica, termo acuñado por Gordon Childe. O neolítico estúdase desde o plano económico, resaltando a produción de alimentos e a gandería, vinculada a outras actividades e desde o plano tecnolóxico, aparecendo instrumentos necesarios para levar a cabo a tarefa anterior, unido á aparición da cerámica. Desde o plano social destaca o paso do asentamento á aldea. O neolítico considérase a culminación dun proceso cultural iniciado anteriormente. O neolítico orixínase no Próximo Oriente, e de aí pasa ó Mediterráneo e á Península Itálica, ca cerámica cardial no 5800 a.C. Ó redor do 5000 fálase de neolítico na Península Ibérica. De entre tódolos xacementos destaca a **Cova de l'Or** (con datacións do 4570 e 4310 a.C.) en Alicante, con evidencias de agricultura. O proceso de neolitización é lento e paulatino, con continuidade cos grupos anteriores. Nesta cova fálase dun neolítico pleno, con cerámica, domesticación animal, trigo, cebada. Noutros xacementos hai unha progresiva neolitización, e noutros détectase contactos entre epipaleolíticos e a nova xente, sen que os epipaleolíticos se neolitizaran. Non se pode pensar nun neolítico autóctono, xa que non temos precedentes de trigo, nin de cabras, é dicir, non temos os agriotipos. No neolítico hai unha cultura material específica, con cerámica de diverso tipo e cunha utilidade determinada, anque tamén aparecen industrias talladas e pulimentadas. Tamén hai elementos novos en óso, xunto con restos do paleolítico e do epipaleolítico. Nalgún xacemento de Andalucía aparecen culleres de óso. Séguense usando as cunchas e tamén unha industria en esparto, en xuncos, cestería.

• As actividades económicas.

Desde o **punto de vista agrícola** temos o trigo común, xunto ca cebada. Tamén aparecen leguminosa e bellotas. Todo isto comeza a xurdir na metade do V milenio. En Andalucía destaca a *Cova de los Murciélagos*, en Córdoba, con evidencias cerealísticas, en torno ó 4300 a.C. Desde o **punto de vista gandeiro** destacan os ovicápridos, os bóvidos e os suídos. Nos rexistros arqueolóxicos destacan os primeiros. En *La Carigüela* do total da fauna o 60% son ovicápridos. En *Cova Los Murciélagos* o 60% son ovicápridos, o 15% son bóvidos e o 13% son suídos. En *Cova de l'Or* o 57% son ovicápridos. Hai referencias a peixes en *Cova de Nerja*, xunto con evidencias de caza. A partir do neolítico aparece un dominio do medio ambiente, co aumentos das accións antrópicas (destrución dos bosques, uso do lume). Dentro do Holoceno estamos no período Atlántico, con temperaturas suaves, humidade e bosque mediterráneo mixto, con coníferas.

• Esquema do Neolítico na Península Ibérica.

I. **Cataluña**. Aparece influencia da cerámica cardial desde a Península Itálica. Podemos falar dun neolítico antigo, medio e recente/ final. No **Neolítico Antigo** falamos dun neolítico antigo cardial, dun neolítico antigo epicardial, no que van desaparecendo as cerámicas cardiais, e dun neolítico antigo postcardial, ca desaparición final. No **Neolítico Medio** temos a **Cultura dos Sepulcros en Fosa**, co xacemento de *Can Tintoré*. No **Neolítico Final** destaca a **Cultura de Veraza**.

II. Para o **Levante** falamos dun Neolítico Antigo Cardial, despois un Neolítico Pleno e un Recente– cardial–

III. En **Andalucía** temos un Neolítico Antigo Cardial, un Neolítico Medio, ca Cultura de las Cuevas Andaluzas e un Neolítico Final, ca Cultura dos Silos do Guadalquivir. Na **Meseta** hai poucos xacementos.

IV. En **Portugal** hai un Neolítico Antigo cardial, un Neolítico Medio e un Neolítico Final. Entre o Neolítico Medio e o Neolítico Final xorde o Megalitismo.

V. En **Galicia** non se pode secuenciar e na cornixa cantábrica hai poucos datos na zona occidental, anque si procesos de aculturización. Nin en Galicia, nin en Asturias, nin no Cantábrico hai un solo fragmento de cerámica cardial. No **País Vasco** hai un neolítico antigo non ben detectado. No sur do País Vasco escavouse o abrigo de *Peña Larga*, con indicios de cerámica cardial.

• O Neolítico en Cataluña.

Temos moitos datos do neolítico catalán, pero aínda existen lagoas, xa que se descoñece o referente ós contactos entre as poboacións paleolíticas instaladas e os recéns chegados neolíticos. Desde a primeira metade do V milenio, arredor do 4700, temos documentada a presenza de agricultura, animais domésticos, industrias pulimentadas e cerámica cardial. Cataluña intégrase no contexto do neolítico antigo do Mediterráneo occidental. Destacan tres grandes períodos: o neolítico antigo, o neolítico medio e o neolítico final/ recente.

I. No **Neolítico Antigo** distinguimos o neolítico antigo cardial, o neolítico antigo epicardial e o neolítico antigo postcardial. No **neolítico antigo cardial** contamos con análises polínicos que nos indican que hai unha mellora do clima (en torno ó 5000 a.C., co período Atlántico), unido á aparición de bosques de coníferas, caducifolios, con cambios nas tecnoloxías (muíños, pedras pulimentadas). O que interesa é o aspecto económico, cun sistema de subsistencia, e de economías produtoras. No rexistro arqueolóxico os máis representados son o trigo e a cebada. En canto ás faunas podemos cuantificar as especies, pola abundancia de datos. O 80% da fauna doméstica son ovicápridos, e o 20% bóvidos e súidos (a fauna domesticada constitúe o 60% da carne consumida). Tamén hai animais salvaxes, que constitúen o 40% da carne consumida. Desde o punto de vista xeográfico os xacementos aparecen na costa e nas zonas prelitorais, con asentamentos ó aire libre e en covas. Cronoloxicamente este neolítico antigo cardial **sitúase nos inicios do V milenio** (4720 a.C. na Balma de Margineda) **ata o 3970 a.C.**, no que xa aparece un neolítico antigo epicardial. O **neolítico antigo epicardial** aparece no 3970 a.C., nun momento en que van desaparecendo cerámicas cardiais e aparecendo cerámicas incisas, plásticas, cordadas, unculadas, dixitadas, acanaladas. Aparece unha ampliación de territorio, unido a procesos de deforestación. Desde o punto de vista cronolóxico **iníciase no 3970 e remata no 3900**, iniciándose o **neolítico antigo postcardial**, que **remata no 3600 a.C.** Neste período hai un xacemento postcardial excelente, a *cova de Mont Bolo*, no norte do Pirineos. As cerámicas son lisas, cunha cor negruzca, polo lume reductor, pobre en osíxeno. As formas son globulares semicirculares. Tamén aparece o uso da cova como almacén, santuario, establo ou aprisco e covas estacionais. Tamén aparece o uso do medio, do entorno, ca recolección, a agricultura, a gandería, e o uso crecente do lume. **A partir do neolítico antigo cardial entramos nun procesos de complexidade**, e no neolítico antigo postcardial aparecen grupos humanos diferenciados e individualizados. O uso de covas como sepultura pode ser o antecedente das construcións funerarios megalíticas.

II. O **Neolítico Medio** vinculouse coa **Cultura dos Sepulcros en Fosa Catalana**. Cronoloxicamente sitúase **entre finais do IV milenio, no 3600 e inicios do III milenio, ata o 2800**. Desde o punto de vista económico

descenden os ovicápridos e aparece a presenza de bóvidos e súidos. Isto indica un proceso de aceleración da sedentarización. Tamén vai descendendo o porcentaxe de especies salvaxes. Na agricultura a situación é similar, anque engádense as leguminosas. É un momento de auxe socioeconómica, que coincide co Incio das explotacións mineiras, destacando o xacemento de **Can Tintoré**, situado en Gavá e coñecido desde 1985. É un dos xacementos máis interesantes da Península Ibérica, cunha serie de actividades como a explotación mineira de pedras, especialmente a variscita. Antigamente esta pedra denominouse callais ou callaita, xa con Plinio o Vello. Tamén se conservan pozos e galerías que reflexan este proceso mineiro. O feito de que no neolítico medio aparezan centros mineiros denota unha maior complexidade social, unido a **redes comerciais**, ca aparición de variscita en Provenza. Por outro lado aparece sílex, impropio de Cataluña. Senón de Provenza. Os hábitats son pequenos poboados, en base a pequenas cabanas, xunto ca decadencia de covas. **As ocupacións na montaña tamén descenden, importando máis os vales.** Nestes poboados é habitual que aparezan cemiterios xunto ás cabanas, os chamados **Sepulcros en Fosa**, desde a tese de Ana María Muñoz Amibilia. Estas sepulturas son individuais, escavadas nas rochas e con corpos en posición fetal e de costas. Xunto a eles aparecen axuare, con cerámicas lisas con formas simples, ovoides, cilíndricas e materiais de adorno, como brazaletes de pedra. Isto todo indica un **cambio de tipo económico, social**, en relación ca consolidación agropastoril, dos grupos humanos, das minas. Aparece unha nova distribución do traballo, xa que teñen que haber grupos con tarefas asignadas (comerciantes, mineiros, agricultores). Por outro lado aparecen **sepulturas distinguidas**, de ricos, e outras con menos luxo, de pobres, é dicir, unha sociedade non igualitaria.

III. O **Neolítico Final /Recente** sitúase entre o 2800 e o 2500 a.C. A partir do neolítico medio o proceso social agudízase cunha maior planificación económica. Neste período desaparecen os intercambios comerciais, pero aparecen conexións cos Pirineos, xurdindo a **Cultura de Veraza**, por un xacemento pirenaico francés. É un momento de replantexamento social, debido a que temos rexistrado un **cambio climático**, aparecendo unha serie de sequías que provoca a aparición de ovicápridos, e de máis fauna salvaxe. Progresivamente fórmase unha **economía de tipo mixto**, tambaleándose a orde do neolítico medio. Este cambio ven provocado polo descenso da humidade, desaparecendo os bosques de coníferas. Desaparecen as variscitas e o sílex. No neolítico recente/ final **vólvese ás montañas, ás covas**. Estes cambios poden fragmentar os compactos grupos humanos.

• O Neolítico en Levante.

Esta zona é unha referencia para o estudo do neolítico do Mediterráneo occidental. Hai contactos con Cataluña, anque o proceso é máis rápido. Temos, **desde os inicios do V milenio**, a agricultura, unida á sedentarización. Desta zona levantina temos moitas testemuñas de agricultura cerealística, de animais domésticos e de cerámica. As industrias óseas inclúen **culleres de óso** como novo elemento. Outro aspecto é a existencia de arte parietal e mobiliar. Non hai homoxeneidade na zona, xa que hai zonas poboadas e outras baleiras. Hai dous núcleos fundamentais: un **ó norte**, que inclúe Castellón e Valencia, con *Cova Fosca* *Cova Cocina*, e outra **zona ó sur**, ó redor do río Xúcar, coa *Cova de l'Or* e *Cova de la Sarga*. Tamén se pode falar dunha dualidade habitacional, xa que temos xacementos con tradición do epipaleolítico xeométrico e outros nos que domina o propiamente neolítico. Non se sabe a relación entre esas xentes epipaleolíticas e os novos neolíticos. No tocante á **economía** temos cambios nos procesos productivos. Dende os inicios do V milenio temos documentada agricultura cerealística (trigo e cebada) e evidencias de horticultura e legumes (fabas, lentellas e guisantes). Aparecen animais silvestres, anque os **ovicápridos** son os máis representativos. Tamén aparece o can doméstico. Progresivamente asístese a un proceso de intervención humano no medio ambiente importante, ca redución da cobertura vexetal, construcións, procesos de deforestación, uso do lume en gran escala. En algún xacemento temos evidencias de tabulación, datos sobre sacrificios de animais xoves que logo serán consumidos (en *Coveta de l'Or* as 3/4 partes dos ovicápridos xoves foron sacrificados para comer. En cambio hai outro xacemento no que temos equilibrio nas idades das faunas. Tamén se aproveitan os animais para a tracción (transporte, carga). A caza segue sendo importante como complemento cárnico. Entre os animais salvaxes máis destacados aparecen os cervos, os équidos, os coellos. Temos datos sobre recolección de diversos vexetais, raíces e incluso de mel. En *Cova Nerja* aparece representado o mero en abundancia. Hai

dous tipos de **hábitats**, en cova (poden ser só de habitación ou sepulcro) e poboados (no que se atopan almacenes de cereais). Dende o punto de vista secuencial temos tres grandes momentos no Levante: o Neolítico Antigo, o Neolítico Medio e o Neolítico Recente/ Final. Existen problemas de diacronías en relación co neolítico catalán. O **Neolítico Antigo** situámolo durante todo o V milenio, do 4700 ó 4300 a.C. Podemos falar dun neolítico de tradición gravetense (complexos microlaminares e xeométricos do epipaleolítico). A idea que nos da a estratigrafía é que se produce unha progresiva neolitización dos grupos epipaleolíticos sen abandonar totalmente os anteriores modos de vida. O neolítico de tradición epipaleolítica xeométrico aparece en *Cova Cocina*, anque van desaparecendo as tecnoloxías anteriores. O neolítico puro témolo en *Cova de l'Or*. Tamén aparece como símbolo a cerámica cardial, formando un Neolítico Cardial, e posteriormente un neolítico epicardial. Por outra parte temos un **Neolítico Medio**, ca desaparición da cerámica cardial, e co xacemento de *Cova Fosca*. Cronoloxicamente sitúase entre finais do V milenio e metade do IV. Por último temos un **Neolítico Recente/ Final**, dende a metade do IV milenio ata a metade do III milenio.

• O Neolítico en Andalucía.

Temos dúas grandes zoas, o **sureste**, incluíndo Murcia, parte de Xaén e Almería, zoa de gran personalidade, e **Andalucía central e occidental**. Anteriormente en Andalucía falábase de dúas culturas: a de Almería e a das Covas, anque hoxe en día distinguimos máis conceptos. Temos novas escavacións en *Cova de los Murciélagos*, e no *Grupo dos Castillejos*. Tamén aparecen novas datacións de carbono 14, con datación sobre o 5100 a.C. No **sureste** hai diferencias notables na explotación do medio, con zonas áridas e outras máis verdes. sen embargo hai algún xacemento onde aparece cerámica cardial. O Neolítico medio do sureste relaciónase ca *Cultura de Almería*, con cerámicas. Hai enterramentos circulares feitos son mampostería. Esta Cultura de Almería podería relacionarse xa co Calcolítico. A rexión de **Andalucía central e occidental** relaciónase co neolítico do Levante. Temos en primeiro lugar un neolítico con cerámicas cardiais, co xacemento de *Cova de Carigüela*, cun 28% de fauna salvaxe, con cervos, xabarís e coellos. Tamén temos unha fauna doméstica, cun 60% de ovicápridos. Temos un **Neolítico Medio** a partir do V milenio, ca *Cultura das Covas*. Un xacemento típico é *Cova de Los Murciélagos*, con datacións entre o 4345 e o 3980 a.C. Non hai cerámicas cardiais, senón lisas e cunha gran diversidade de formas, incluíndo cerámica a la almagra (óxido de ferro que mesturado con auga da unha cor moi vermella). Ó usarse elementos oxidantes aparecen un vermellón máis forte. Hai moito material pulimentado que indica que as actividades agrícolas son importantes, xunto ca importancia dos adornos en pedra. A cova proporciónanos datos sobre a economía, cuns grans de trigo moi grosos. Tamén temos datos sobre a fauna doméstica, cun 60% de ovicápridos, un 15% de bóvidos e un 13% de súidos. A cova usárase posteriormente como enterramento. No **Neolítico final** temos unha cova con ocupación repetida, a *Cova de los Murciélagos* (Granada), que no neolítico medio tiña cerámicas incisas, impresas, culleres de óso. O neolítico final sitúase en torno ó 3450 a.C., cun cambio, aparecendo unha industria de cestería, esparto (en *Nerja*, no 3115 a.C. apareceu un silo con cebada, aceitunas). Un último xacemento é o de *Los Castillejos*, en Granada, cun neolítico final entre o 2880 e o 2600 a.C. Este neolítico final correspóndese ca *Cultura de los Silos del Bajo Guadalquivir*.

• O Neolítico en Portugal.

Portugal presenta un problema xeográfico, e o adecuado sería analízalo conxuntamente con Galicia nun marco Atlántico. Para explicar o neolítico hai que usar esa explicación colonizadora. Os primeiros datos aparecen a mediados do V milenio, cun Neolítico antigo, medio e final. O **Neolítico Antigo** dividímolos en inicial, pleno e evoluído. No **Neolítico Antigo inicial** a base aparece en grutas, poboados ó aire libre, cos concheiros como elementos reutilizados no neolítico (aparecendo neles cerámica). Isto permítenos ver un proceso de aculturación simbiótica, aceptándose a agricultura, a gandería, anque tamén con animais salvaxes. Tamén podemos falar dun **Neolítico Antigo pleno**, no IV milenio, con grutas usadas como enterramentos colectivos, coincidindo cun momento de expansión territorial, que continúa no **Neolítico Antigo evoluído**. No **Neolítico Medio**, a mediados do IV milenio aparecen os protodólmenes e as primeiras sepulturas de enterramento que non aparecen en grutas. O **Neolítico Final** é o momento de consolidación do sistema agro- pastoril, en torno ó 3800.

- **O Neolítico en Galicia.**

Hai poucas evidencias, con ningún resto de cerámica cardial e 2 ou 3 xacementos para os inicios do neolítico, xa que non hai ningún hábitat. No xacemento de *O Rei* conservamos cerámicas lisas, fechadas no 4640 a.C., xunto con pole de cereal. Neste neolítico premegalítico temos o *Abrigo de A Cunchosa*, con cerámicas epicardiais. Por outro lado aparecen industrias líticas vinculadas coa industria megalítica máis antiga.

- **O Neolítico na Cornixa Cantábrica.**

Hai diferenza xeográficas, polos diferentes niveis de altitude. O neolítico do Cantábrico é marxinal, sen cerámica cardial e cunha situación apegada ó pasado. En **Asturias e Cantabria** non hai traballos de síntese (só algún libro de Arias, de Blas). Os xacementos máis interesantes son os concheiros, co xacemento de *Mazaculos II*, en Santoña, cun proceso de continuidade respecto ó epipaleolítico. No neolítico avanzado aparecen os primeiros megálitos. No **País Vasco** a situación varía, xa que hai máis información (con Barandiarán, Apellaniz). Ana Cava fala de 4 momentos neolíticos, o 1º no epipaleolítico recente, no V milenio, o 2º nun neolítico antigo, a mediados do V milenio, con cerámica cardial (no xacemento de *Peñalarga*), o 3º cun neolítico avanzado/ recente, no IV milenio e un 4º momento con inicios do Megalitismo. Temos datos económicos, gracias ós estudos de Artuna, con poucos animais domésticos.

- **O Neolítico na Meseta e en Aragón.**

Tamén é un neolítico marxinal, anque destaca *Cova de la Varquera* (Segovia) e o *Abrigo de Verdelpino* (en Cuenca). Temos unha datación na 1ª do 3780 a.C. En Aragón hai xacementos como *Cueva de Chaves*, *Botiquería de los Moros*, *Costalena* e *Barranco de La Mina*, en Zaragoza, necrópole con sepulturas do III milenio, semellante á Cultura dos Sepulcros en Fosa cataláns.

Tema 9. O Megalitismo.

A súa característica externa máis representativa é a construción e uso de grandes complexos líticos. Cronoloxicamente aparece **en torno ó 4000 a.C.**, dividido en inicial, pleno e final. Trae consigo unha nova visión da morte, considerada como un camiño ó máis alá. Hai que estudar o marco físico dos complexos, a arquitectura, os enxovais funerarios. O megalitismo é un **fenómeno universal e polimórfico**, con centros independentes. Destacan dous núcleos: **Bretaña e o centro de Portugal**, ambos con antecedentes de sepulturas mesolíticas. A zona esencial comprende desde o sur de Suecia ata á Península Ibérica, pero tamén aparece en Etiopía, China, Madagascar, Colombia.

Hai tres tipos de dolmens, **os simples**, nos momentos iniciais, na primeira metade do IV milenio. Arredor do 3500 atopamos o **dolmen de corredor**. Por último hai un megalitismo final, coa volta ós **pequenos dolmens**, arcas, coa inhumación individual. Dentro das ofrendas funerarias temos industria lítica pulimentada, adornos, cerámica, pezas con decoración incisa.

- **O megalitismo na Península Ibérica (completar por Diapositivas).**

No megalitismo portugués hai unha gran variedade de instrumentos, incluíndo o machado pulimentado, máis simbólico que funcional. No Alentexo temos menhires e crómlechs, mentres que no Baixo Alentexo hai monumentos en falsa cúpula, típicos do Algarve, co xacemento de *Alcalar*, conxunto de 12 dolmens e relacionado con xacementos de Andalucía, como *Cueva del Romeral*, con dobre espazo en falsa cúpula e *Cueva de Menga*, monumento con grandes lousas, cun pilar central para soportar o peso.

Tema 10. O Calcolítico e as primeiras sociedades xerarquizadas da Península Ibérica.

O Calcolítico iniciase no IV milenio e pervivirá durante todo o III milenio. Temos datos do uso do cobre en

Anatolia xa no VII milenio, mentres que na Península non aparecerá ata **inicios do III milenio**. Hai dúas escolas para estudar o calcolítico: unha que di que se pode falar de calcolítico cando hai unha técnica determinada e outra que nega isto. O calcolítico enténdese desde dous puntos de vista: a chegada de influencias estranxeiras sobre un sustrato neolítico. Desde o punto de vista económico aparece unha **economía agrícola con novos elementos e minería**. Os hábitats baséanse nas fortificacións e nos monumentos ou Templos públicos. O tipo social basease nas **sociedades xerarquizadas** fronte ó igualitarismo neolítico. Tamén se detecta un fenómeno de competencia territorial. En contra á revolución agrícola neolítica aparece unha revolución urbana. Dentro do calcolítico hai dous grandes momentos: o **calcolítico precampaniforme**, ata mediados do III milenio e o **calcolítico campaniforme**, ata inicios do II milenio. Xa nos inicios aparecen campamentos fortificados. Na Península Ibérica non se fala de homoxeneidade calcolítica, xa que unhas zonas resaltan sobre outras.

- **O calcolítico no sureste peninsular.**

Céntrase na provincia de **Almería**, con estudos xa desde finais do XIX, cos irmáns Siret. Ata os anos 70 a idea dominante baséase no paradigma colonial, ca chegada directa de grupos desde o Mediterráneo oriental. Hoxe en día tense en conta a cultura autóctona, cunha evolución desde o neolítico. A partir dos 80 hai máis argumentos, incluída unha **interpretación ecolóxica**, unida a un **cambio climático** que leva a un estado de aridez e sequía, inventándose o regadío, gran motor de avance do hábitat.

Hai moitos xacementos, como *El Plomo*, *Cerro de la Virgen*, pero destacan sobre todos o de *Almizaraque* e o de *Los Millares*, ambos en Almería. *Almizaraque* atópase a 3 km. do mar, cunha secuencia que vai do neolítico final á chegada do campaniforme, nos **inicios do III milenio**. O metal aparece, anque non é o máis importante. Os restos son pequenos trozos de cobre adheridos ás cerámicas, localizados no ámbito doméstico. Desde o punto de vista analítico con azuritas e malaquitas. As minas non teñen grandes dimensións, menores cas do neolítico medio. Os metalúrxicos usarán os afloramentos cuarcíticos da zona, podéndose dicir que o metal non é a base deste poboado. *Los Millares* pertence ó municipio de Santa Fe de Mondujar, en Almería. É un poboado excepcional, con 3 liñas defensivas e unha cidadela. A superficie habitacional é de 20.000 m² (2 hectáreas). Hai 4 grandes momentos: I. A orixe no **neolítico recente**, desde inicios do III milenio; II. O **calcolítico**, entre o 300 e o 2400; III. O **calcolítico pleno** ata o 2000; IV. O **calcolítico recente**, co campaniforme, a partir do 2000. É un hábitat fortificado, cunha gran necrópole e con sepulturas de tipo *tholos* (cámara circular, corredor, falsa cúpula). Da 1ª muralla consérvanse 40 bastións ou torres, de tipo semicircular. A economía baseábase na agricultura de cereais e legumes, na caza, na recolección, na pesca, usándose xa o cabalo. Pódese falar de **policultivo**, ca horta e co cultivo de cereal. Hai un gran avance social e na tecnoloxía aparecen útiles metálicos, con talleres e minas (a 10 km.), xunto ca diferenciación nas tumbas, propiciando a **desigualdade social**. Aparecen **obxectos exóticos**, como ovos de avestruz, marfil.

- **O calcolítico no suroeste peninsular.**

Relaciónase ca **zona de Huelva e con Estremadura**, destacando os xacementos de *Papa Uvas*, *Alcalar*, *Santa Xusta*. Na Estremadura portuguesa hai ata 20 grandes poboados, destácanos *Vilanova de San Pedro* e *Zambujal*. En *Vilanova de San Pedro* hai dous horizontes: I. **Horizonte dos copos canelados e da decoración en folla de acacia**; II. **Horizonte da cerámica campaniforme**. O límite entre ambos sitúase no 2400 a.C. Aparecen obxectos de luxo nun gran poboado cunha liña defensiva. *Zambujal* é outra cidadela fortificada, con barros autóctonos. Hai datos sobre actividades bélicas, como é o feito de que *Vilanova* apareceran máis de 6.000 puntas de frecha, ó igual ca en *Los Millares*.

O resto de zonas da Península Ibérica son marxinais. En Galicia e no Cantábrico hai poucos restos, aparecendo máis na Meseta e incluso **hipoxeos en Álava e Cataluña**, o de *Can Martorell*, con 25.000 restos óseos de 160 cadáveres, xunto con 68 frechas, cunha cronoloxía de finais do III milenio, no 2100.

- **A cerámica Campaniforme.**

Sitúase a **a partir da segunda metade do III milenio**, partindo dunha forma cerámica que vai desde Europa oriental á Península Ibérica, o que leva a falar de procesos de difusión a gran escala. O primeiro traballo data de **1928**, obra de **Ángel del Castillo**, defendendo unha orixe andaluza. Nos anos 70 fálase de 2 centros, un na Península Ibérica, na área de Lisboa e outro en Europa oriental. En **1977 Richard Harrison** publica a primeira síntese sobre o campaniforme na Península Ibérica, avogando por tres centros: a zona de Lisboa, Alemaña e Checoslovaquia. Na Península Ibérica en canto ás formas aparecen **o vaso, o cunco e a cazola**. Desde o punto de vista decorativo hai impresión, incisión e cerámica cordada. A partir da decoracións falamos de 3 grupos: o **Marítimo Internacional**, o **Campaniforme cordado** e o **Campaniforme inciso**, dividido no grupo de *Ciempozuelos* e no de *Palmela*.

Esta expansión campaniforme relaciónase co comercio e coa aparición do cabalo. É máis correcto falar de complexo campaniforme xa que aparecen equipamentos de obxectos, datos obre sepulturas. Destacan **obxectos en pedra tallada**, coma as puntas de frecha en aletas e pedúnculos, o brazal de arqueiro, o puñal de espigo, xunto con pezas de ouro, prata e cobre. Na Península Ibérica o problema é a diversidade xeográfica, anque aparecen dous horizontes: un antigo e outro recente.

• Distribución do Campaniforme na Península Ibérica.

Neste momento seguen destacando Zambujal, con cerámica campaniforme a partir do 2100 a.C., e Vilanova de San Pedro, no que aparece un campaniforme antigo a partir do 2400 a.C.

a) **Galicia** é un lugar interesante, cunha síntese do ano 82 de Vázquez Varela. Hai un xacemento, *Parxubeira*, cun campaniforme internacional e inciso.

b) **Na meseta** destaca a submeseta norte, estudada por Xermán Delibes, con metalurxia do cobre no 2400. Hai marítimo, inciso, incluído *Ciempozuelos*. En Zamora destaca *Villanueva del Puente y Fuente Olmedo* en Valladolid, con sepulturas individuais rodeadas do equipamento campaniforme xunto con botóns con perforacións en V.

c) En **Levante e Cataluña** hai enterramentos en grupos, co marítimo, o ciempozuelos e o grupo Salamá.

d) **Andalucía** é unha zona ben estudada, sobre todo na depresión do Guadalquivir (grupo *Carmona-Acebuchal*). O momento de apoxeo sitúase no 1800 a.C.

e) No **sureste peninsular** aparece un campaniforme no 1800 a.C., no xacemento de *Virxe de Orce*, en *Los Millares*.

O Campaniforme coincide cun momento de expansión comercial, cun interese por controlar os intercambios.

Tema 11. A Idade do Bronce e a nova complexización social.

É un momento de complexización social, cunha metalurxia máis elaborada. En Europa divídese en Bronce Antigo (do 1900 ó 1500 a.C.), Bronce Medio (do 1500 ó 1250 a.C.) e Bronce Final (do 1250 ó 700 a.C.).

• O Bronce Antigo/ Medio da Península Ibérica.

No **sureste** aparece a **Cultura de El Argar** como paradigma do Bronce entre o 1900 e o 1300 a.C., cun proceso de irradiación cara ó Levante e cara á Meseta. Os hábitats son asentamentos en altura, fortificados mediante muros e sepulturas individuais nas casas que poden ser de dous tipos: sepulturas en cista ou recubertas de pedra e sepulturas en grandes pezas cerámicas ou *pithos*, con diferenza nos enxovais segundo categorías sociais.

Cara ó norte e cara ó leste temos focos en **Levante**, co **Bronce valenciano** e na **Mancha**, coa **Cultura de Las Motillas**. O Valenciano coñécese polos xacementos entre o Ebro e o Segura, con grandes poboados amurallados. Na Mancha temos a **Cultura de Las Motillas** a partir de 1700, fortalezas cun recinto amurallado e unha torre central, formando unha cidadela.

Na **Meseta Norte**, entre o Tago e o Duero temos datos dun Bronce pleno a partir do 1700, ca **Cultura de Las Cogotas** (Ávila). Outro xacemento importante é *Tolmos de Caracena*, en Soria. No **Atlántico** temos xacementos interesantes con centros de produción de estaño e circuitos de intercambio. Neste Bronce Antigo/ Medio hai dúas fases: un **horizonte Montelavar/ Roufeiro**, ca *Cista de Atios* (Porriño) e o **horizonte Barcelos**, co machado de rebordes. Hai outro xacemento importante, o xacemento de Caldas de Reis, cun tesouro formado por 15 kg. de ouro. No **sur de Portugal** aparece un Bronce do suroeste arredor do 1500, e enlazando co Baixo Guadalquivir e co xacemento de la *Mesa de Setefilla*. No **noroeste**, en Cataluña e Aragón aparece a **Cultura dos Campos de Urnas** a partir do Bronce Medio.

Tema 13. O Bronce final e os inicios da Idade do Ferro.

Seguen aparecendo diferencias rexionais pero xeralízase a sociedade do Bronce, con contactos entre a Península Ibérica e Francia e as Illas Británicas. Coincide cun momento de demanda de produtos metálicos. **Cronoloxicamente sitúase entre o 1250/ 1200 e o 700 a.C.** Para o Atlántico temos tres momentos:

I. **Bronce Final I**, situado entre o 1200 e o 1050 a.C.

II. **Bronce Final II**, situado entre o 1050 e o 900 a.C.

III. **Bronce Final III**, entre o 900 e o 700 a.C.

Como pezas características do Bronce Final I aparecen espadas similares ás centroeuropeas, no Bronce Final II destacan as espadas pistiliformes e no Bronce Final III as espadas de lingua de carpa. Neste momento, no século VIII aparecen as primeiras colonias fenicias, ca metalurxia do ferro e o incremento de produción para competir cos novos comerciantes.